

Gustavo García Roig, Bos Aires, 1943. Fotógrafo afincado na Coruña desde o ano 2001. Con ampla experiencia en reportaxes non convencionais cun enfoque máxico/antropolóxico relacionados co mundo andino e agora de Galiza. Traballou na Editorial Abril/Rizzoli en foto-reportaxes en Bolivia, Perú, Ecuador, Colombia, Chile e Arxentina. Viviu 15 anos en Perú onde realizou reportaxes, libros e vídeos relacionados coa arqueoloxía precolombiana; colaborou con María Reiche realizando series fotográficas como *Los misterios de las Pampas de Nazca* e outras relacionadas con Cuzco, Trujillo, Huaraz, Lima, etc. Realizou traballos para

liñas aéreas, turismo alternativo e diversas entidades. Nas últimas exposicións na Galiza afondou nos vestixios prehistóricos de dolmens, castros e arte rupestre. Expuxo en Bos Aires, Lima, Madrid, Valencia e Galiza.

François Davo, (Le Mans, Francia, 1966), licenciado en Letras e civilizacións ibero-americanas pola Universidade da Sorbona, reside na Coruña desde o solsticio de verán do ano 2000. É profesor de francés no IES Afonso X O Sabio de Cambre. Como poeta gañou no ano 1993 o XIII premio Esquíu de poesía.



sen título

Inicialmente poeta en lingua francesa, a súa lingua materna, tamén experimenta desde a súa residencia na Galiza a escrita dunha obra directamente en galego. É traductor de poetas galegos ao francés (Miguel Anxo Fernán Vello, Manuel María, Uxío Novoneyra, Ánxeles Penas, Xosé Luís Méndez Ferrín, etc.). Tamén é traductor, man con man con Dulce Fernández Graña, de obras francesas ao galego, entre as que destaca *As palabras* de Jean-Paul Sartre.

LE MONDE HABITÉ [fotopoesías]. Casa Museo María Pita, A Coruña, do 9 ao 30 de novembro.

Nin ilustración de poesía, nin glosa de fotografías, senon máis unha vez un diálogo fluído entre Gustavo García Roig e François Davo que culmina nunha obra que se pode chamar de "fotopoesía"; *Le monde*

habité ofrece compartir as vivencias doutro mundo que perviven e conflúen no noso. O tempo é tan relativo que nos achega á "materia viva" dun mundo mineral: a Anta de Axeitos (Ribeira), construída hai 6000 anos, para que a pedra siga a vivir o seu ritual. O silencio, o lugar, a luz, a disposición das pedras motivaron unha nova visión. Da luz filtrada entre as pólas e da danza da sombra na pedra xorde o mundo antigo que quere dialogar connosco: coa cazadora primeira, muller salvaxe arelada —a Gardiana—, co cabalo ou co cervo atopamos a presenza viva e a maxia de tempos protohistóricos: o encontro do *mundo habitado*.